

## CERTIFICADO DE MOBILIDADE PARA A PRÁCTICA DO DEPORTE FEDERADO

D. VICENTE PASTORIZA SANTOS, con DNI \*\*\*9743\*\*, en calidade de Secretario da Federación Galega de Orientación (FEGADO), de acordo cos datos obrantes nos arquivos da Federación,

- 1) Que os/as deportistas inscritos/as na competición oficial do calendario da Federación Galega de Orientación denominada **1ª PROBA DA XXX LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN A PÉ** teñen licenza federativa de Orientación en vigor para a tempada 2021.
- 2) Que en caso de ser requiridos/as, os/as deportistas poden acreditar a licenza federativa dixital a través da plataforma SICO da Federación Española de Orientación (FEDO).
- 3) Que a relación de deportistas inscritos/as en dita competición federada, segundo a **lista validada polo Director Técnico da FEGADO**, Jorge Piñeiro Portela, con DNI \*\*\*1453\*\* pódese consultar actualizada no seguinte enlace ao evento na propia web oficial da Federación Galega de Orientación:

[\[ VER LISTADO OFICIAL DE SAÍDAS POR CLUBS: apellidos e nome | categoría e hora saída \]](#)

- 4) Que para os efectos de xustificar a aplicación da excepción prevista punto primeiro, número 4, letra n), e coa limitación da liberdade de circulación das persoas en horario nocturno do punto cuarto, letra h), do Decreto 31/2021, do 25 de febreiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, faise constar que todos eles/as:

a) **Pertencen á categoría de:**

Deportista federado/a participante en competición oficial con calendario de competición aprobado para a tempada 2020/2021

- b) Vai participar na competición oficial incluída no calendario oficial da Federación Galega de Orientación a celebrar en:

**Lugar de competición:** Mapa de O Veral-Penarrubia. Centro de Competición na Ctra. Lugo-Friol LU-232 no pk 3,3 (Concello de Lugo).

**Data e horario de competición:** Sábado 6 de marzo de 2021. Saída do/a primeiro/a deportista ás 10:00 horas. Saída prevista do/a último/a deportista ao redor das 13:00 horas. Peche de meta previsto ao redor das 14:30 horas.

- c) A referida competición non pode celebrarse nun ámbito territorial que non exixa un desprazamento afectado polas limitacións á liberdade de circulación vixentes polas seguintes razóns:

**Causas xustificadas.** Utilización de cartografía específica de orientación | Deporte en espazos non urbanos para evitar a presenza de persoas | Requirimento da aplicación de técnicas de orientación en terreos non coñecidos: lectura de mapa, identificación de tipoloxías de vexetación, curva de nivel e identificación de elementos de cartografía, etc. | Práctica de eleccións de ruta empregando a diversidade da rede de camiños.

- d) Observacións:

-

E para que así conste, aos efectos oportunos expido e asino a presente certificación en Vigo a 3 de marzo de 2021.

NOTA da Dirección Técnica de Federación Galega de Orientación:

CERTIFICADO VÁLIDO exclusivamente para deportistas federados e residentes na Comunidade Autónoma de Galicia segundo as indicacións da Secretaría Xeral para o Deporte.